

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE CASCOS CON COMPLEMENTOS PARA O PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SA (SEAGA) . CONCURSO ABERTO.**

**1. OBXECTO**

O presente prego ten por obxecto establecer os requisitos que, con carácter de mínimos, deben cumprir os cascos con complementos a utilizar polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) na execución das distintas encomendas que lle faga a Consellería do Medio Rural, e en especial no dispositivo de reforzo do servizo de defensa contra os incendios forestais.

**2. DESCRIPCIÓN DOS CASCOS CON COMPLEMENTOS**

**1. DEFINICIÓN**

Útil de protección persoal, de forma hemisférica, construído en material resistente e ríxido, destinado a protexer a parte superior da cabeza e en especial a bóveda cranial. Composto como mínimo por armazón (casquete), arnés e barboqueixo.

**2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo de protección persoal, en todas aquelas operacións con risco de choques, golpes, caídas, impactos de obxectos e ferramentas, descargas eléctricas, insolación intensa, desprazamentos entre mato denso ou ferinte, etc., no que a parte superior do cranio poida resultar afectada.

**3. BASES TÉCNICAS (Adquisición)**

a) As características do material obxecto da subministración supeditaranse ás Directivas Comunitarias sobre EPIs de acordo co Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992. O casco será EPI de categoría II que cumpra a norma europea EN 397 “Cascos de protección para a industria”, cos riscos adicionais de “moi alta temperatura (+150°C)” e “deformación lateral (LD)”.

Valorarase o cumprimento da Norma EN 443: Casco para bombeiros, e polo tanto que sexa un EPI de categoría III.

b) Os cascos serán novos, de recente fabricación e elaborados con materiais de primeira calidade.

c) Dado que este material será utilizado en operacións de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo e mantemento, que aseguren a máxima efectividade e duración do mesmo.

d) Coa oferta presentarase o Certificado de Exame CE de Tipo deste casco para as operacións descritas no punto 2 “UTILIZACIÓN”, e un documento que indique a vida útil do casco tanto cando está almacenada como cando se utilizou, así como o informe dos ensaios realizados para a obtención do Certificado de Exame CE de Tipo e unha mostra da subministración co correspondente folleto informativo-(anexo III, Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992)-. Toda esta documentación presentarase no sobre "B", tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas.

No caso de que o casco cumpra coa norma EN-443, ademais do anterior, deberase acreditar o procedemento de seguridade da calidade da súa produción, que será levado a cabo por un organismo notificado a U.E para isto. Dita seguridade da calidade acreditarase mediante marcado CE e catro díxitos.

e) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destructivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

#### **4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**

##### **4.1. DIMENSIÓN ORIENTATIVAS E PESO**

Lonxitude: 280-320 mm.

Largo: 195-230 mm.

Altura: <180 mm.

Peso: < 700 gr.

##### **4.2 MATERIAIS:**

Debido ás súas condicións de uso, os materiais que entren na súa construción serán non metálicos, excepto que estean ligados ao sistema de ventilación do propio casco, ininflamables e non conductores da electricidade; non poderán ser perforados por chispas ou partículas ardentes, nin presentarán deformacións permanentes a temperaturas próximas ós +150°C.

#### 4.3 CASQUETE:

Basicamente estará constituído por un casquete composto por unha copa de superficie lisa, con unha cresta lonxitudinal para protección contra impactos con ou sen nervaduras, de contornos suaves e provistos ou non de cima na súa parte superior. Posuirá os sistema de anclaxe, retencións ou aberturas axeitados destinados a fixar a banda das gafas que se deben transportar sobre o casco. No caso de que o casco aporte aberturas de ventilación a área total das mesmas será superior a 150 mm<sup>2</sup> e inferior a 450 mm<sup>2</sup>.

#### 4.4 ARNÉS:

O contorno interno da base do casquete posuirá un mínimo de catro zonas de fixación dun arnés para soste e adaptar o casco á cabeza do usuario mediante un sistema de regulación perimetral.

Constará dunha banda de contorno maior de 25 mm. de largo que abarcará unha zona comprendida entre a parte media da fronte ata a parte inferior da rexión occipital, construída en material flexible antialérxico, hidrófugo, de fácil limpeza e desinfección; a parte en contacto coa pel non terá saíntes nin producirá presións molestas.

En contacto coa bóveda cranial, e para amortiguar os posibles impactos co casquete, existirá, ou ben, un tecido acolchado, con rede de transpiración ou como mínimo unha banda de atenuación constituída por un mínimo de dúas bandas cruzadas en X.

Todo o conxunto do arnés poderá ser desmontado do casco para a súa substitución ou limpeza.

#### 4.5 BARBOQUEIXO

É indispensable que o casco dispoña dun barboqueixo fixado á súa estrutura, constituído por unha banda téxtil de largo igual ou superior a 10 mm., regulable, de fácil e rápida adaptación, para cinguir o casco á cabeza e permitir a aproximación e traslado dos usuarios en aeronaves.

#### 4.6. COR

Os cascos serán de cor amarela, agás un número de unidades de cor branca e outras unidades de cor vermella que se indicarán oportunamente ao adxudicatario. Todas estas cores entrarán na propia composición do material de fabricación, de modo que non se admitirá ningún tipo de pintura como aporte superficial adicional.

#### 4.7. REFLECTANTES

O material reflectante utilizado será ignífugo e irán na parte externa do casco, serán unhas tiras autoadhesivas de ao menos 30 mm de achura en cada un dos laterais do casco que se estende lonxitudinalmente dende a parte frontal a posterior do casco e así mesmo outra banda de ao menos 30 mm circundará a parte inferior do casco.

### 5. COMPLEMENTOS DO CASCO

#### 5.1. CUBRECALUGAS

O casco levará na súa parte inferior interna, e unido preferiblemente por velcro ignífugo, un protector para a totalidade do pescozo fabricado en tecido ignífugo de cor amarela.

Conformado nun dobre tecido ignífugo, sometido á proba da chama, non se perforará, nin se fundirá, nin fluirá en gotas. O seu peso oscilará entre 225 e 300 gr./m<sup>2</sup>.

Dita prenda, cando se desenvolva por completo, terá que cubrir a totalidade do pescozo, os ombros e as partes superiores das costas e do peito, como protección na realización dos labores de extinción, deixando ao descuberto a zona ocular para poder empregar as gafas. O resto da parte dianteira do protector poderase pechar mediante velcro ignífugo, nun dos extremos do cobrecalugas levará alomenos unha banda de velcro ignífugo disposta en vertical e no outro extremo da cobrecalugas levará tres bandas en disposición horizontal iniciándose o velcro entre a nariz e a boca e acabando na parte inferior do pescozo, de tal xeito que non exista desconexión entre o cobrecalugas e a funda ignífuga e proporcione ao mesmo tempo maior adaptación ao contorno do rostro do usuario.

As súas medidas aproximadas serán:

#### **Talla única adaptable**

Coa oferta presentarase o Certificado de Exame CE de Tipo do tecido para as condicións descritas no parágrafo anterior, así como o informe dos ensaios realizados para a obtención do Certificado de Exame CE de Tipo e unha mostra da subministración co correspondente folleto informativo-(anexo III , Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992)-. Toda esta documentación presentarase no sobre "B", tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas.

Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destructivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como a para valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

## **6.- ETIQUETAS**

Na parte interna do casco convén que veña unha etiqueta fixada firmemente, na que figure o marcado CE de Tipo, o nome do fabricante, o ano de fabricación, a referencia do modelo e unhas concisas instrucións de mantemento referentes a secado, aireación, limpeza, etc. e todo o que estableza a normativa vixente.

## **7.- ANAGRAMA**

SEAGA establecerá o tipo de anagrama que comunicará oportunamente ao adxudicatario as dimensións e cores daquel.

## **8. EMBALAXE**

Cada prenda co seu folleto informativo irá aloxada nunha bolsa de plástico.

## **9.- ENTREGAS E SUSSTITUCIÓN**

### **9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES**

A Empresa Adxudataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas oficinas provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ".

Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA, 1000 cascos no prazo establecido no contrato.

O orzamento de licitación, con IVE incluído é de: CENTO DEZASEIS MIL DOUSCENTOS OITENTA EUROS (116.280 €)

PREZO UNITARIO: 116,28 €

NºMÍNIMO DE UNIDADES: 1000

### **9.2. SUBSTITUCIÓN DE CASCOS DEFECTUOSAS**

Unha vez adxudicado a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte dos cascos sexan admitidos, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido,

comunicaráselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo determinado para remitir novos cascos, coas carencias apuntadas corrixidas.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008

O director-xerente de SEAGA, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodríguez